

## Presentación da materia/módulo

<b>Materia / Módulo</b>	<b>Xeografía e Historia 1º ESO</b>	<b>Curso / Ciclo</b>	<b>Curso 2023-24</b>
-----------------------------	--	----------------------	----------------------

### CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

<b>1ª Avaliación</b>	<p><b>1.- A humanidade prehistórica:</b> Introducción á Historia: as liñas de tempo e as fontes históricas. As orixes do ser humano. As sociedades cazadoras-colleiteiras. As primeiras sociedades agrícola-gandeiras. A metalurxia. Os megálitos: o caso de Galicia. Arte e maxia.</p> <p><b>2.- Exipto e Mesopotamia:</b> O marco xeográfico das primeiras civilizacións. Características xerais da civilización mesopotámica e exipcia: organización económica, social, política, cultura e arte.</p>
<b>2ª Avaliación</b>	<p><b>3.- Grecia clásica:</b> O marco xeográfico: orixe das polis. Expansión do mundo grego: as colonizacións. Hélade: organización económica, social, política, cultura e arte.</p> <p><b>4.- A civilización romana:</b> Das orixes á creación dun Imperio. A romanización. O Imperio: organización económica, social, política, cultura e arte. A Península Ibérica e Galicia en tempos do Imperio Romano. Os pobos bárbaros.</p>
<b>3ª Avaliación</b>	<p><b>5.- O Planeta Terra e a súa representación:</b> O globo terráqueo. Os hemisferios. A localización polos puntos cardinais. As coordenadas xeográficas. Os fusos horarios. Os mapas (mapa/plano, elementos do mapa, diferentes tipos de mapas...). A distribución dos continentes e océanos. As formas do relevo terrestre. As augas.</p> <p><b>6.- Climaxes e paisaxes do Planeta Terra:</b> Elementos e factores do clima. Clasificación e características dos diferentes climaxes do planeta Terra e Europa. Os climogramas. Características das diferentes paisaxes da Terra.</p> <p><b>7.- O impacto humano sobre o medio. Emerxencia climática.</b> O ser humano como axente transformador do medio. Conciencia ecolóxica e Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.</p>

### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

#### Instrumentos:

<b>Probas escritas</b>	70%	Probas escritas
<b>Actividades</b>	30%	Realización de distintos tipos de tarefas e/ou actividades, tanto na aula como na casa, seguindo as pautas e o prazo indicados polo/a docente

- Sempre que o **permita** a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación **dúas probas escritas** (1º e 2º Parcial). Ditas probas suporán o **70%** da cualificación e **poderán constar** de preguntas teóricas (definición de conceptos, identificación de personaxes

históricos, preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...) e cuestións de tipo máis práctico (localización sobre un mapa de determinados espazos, comentario guiado dun mapa, gráfico, texto histórico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas...).

- En cada Avaliación valorarase cun **30%** da nota o **traballo** realizado na **casa** (facer as actividades no prazo e forma establecidos), o **traballo cotián na aula** (realización e corrección das actividades, seguimento das explicacións, participación activa positiva...) e a posible realización de distintas **actividades de investigación**, individuais ou en grupo, que deberán ser entregadas seguindo as **pautas** e o **prazo** indicados polo/a docente.

- **A falta de asistencia a un exame**, só se poderá xustificar mediante documentación oficial (informe médico, etc), desta maneira o alumno ou alumna terá dereito a facer un exame correspondente a esa parte da materia. De NON existir o xustificante regulamentario o exame se cualificara con insuficiente cero.

- **Copiar nun exame** (utilizando calquera medio) supoñerá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero puntos.

#### **Criterios de Cualificación:**

- A valoración obtida mediante os instrumentos anteriores permitirá coñecer a **cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso**.

- Os alumnos e as alumnas que teñan unha **Avaliación suspensa** deberán presentarse a unha **Proba de recuperación** que repasará os contidos de dita Avaliación. **Para preparar** dita proba contarán con **material de apoio e reforzo** que lles facilitará o/a docente. A **nota da recuperación** obterase calculando a media entre a nota inicial da Avaliación e a nota da Proba da recuperación.

- Tras rematar as probas da Terceira Avaliación calcularase a **media aritmética entre as tres Avaliacións parciais para obter a nota da Avaliación Final Ordinaria**. Os alumnos e as alumnas que teñan unha **nota media de 5 puntos ou superior** terán superada a materia.

- **Deseñaranse actividades de reforzo para o alumnado** que teña unha **media inferior a 5, que poderá recuperar a materia tras superar as actividades propostas polo/a docente** (poderán ser probas escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). **Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira Avaliación e a sesión de Avaliación Final Ordinaria**.